

SERVIZO DE FESTAS

CONCELLERÍA
DE
PARTICIPACIÓN
CIDADÁ E FESTAS

CONCELL
O DE VIGO



EXPEDIENTE: 9684/335

TIPO EXPTE.: PROGRAMACIONES

SOLICITANTE: Concellería de Participación Cidadá e Festas

ASUNTO: PROGRAMA DE FESTAS DE VERÁN EN VIGO, DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2023”

DECRETO

A vista do informe asinado pola Xefa do Servizo de Festas de data 4 de abril de 2023, e en virtude das competencias que me atribúe a vixente lexislación (artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo da XGL adoptado na sesión do 20/06/2019),

RESOLVO

PRIMEIRO.- Programar os seguintes espectáculos e actividades para o verán do 2023, dentro do programa de Vigo en Festas 2023 (expte. nº 9631/335), entre as propostas presentadas:

1. Concertos nacionais/ internacionais no Auditorio de Castrelos:

Para a confección do programa de Castrelos tívose en conta as datas dos eventos festivos relevantes en Vigo co fin de que non coincidan no mesmo día eventos ou actividades da programación, nin as propias datas das actuacións artísticas. Prevese a realización de sete concertos atendendo aos tramos ou categoría sde idade, e cinco espectáculos infantís. Atendendo á clasificación de propostas resultante da convocatoria pública (expte. nº 9658/335) **resulta o seguinte programa de espectáculos en Castrelos:**

Artista	Data
Andrés Calamaro	08/07/23
Rayuela	12/07/23
David Bisbal	15/07/23
La ratita presumida	19/07/23
Pablo López	24/07/23
Pinocho	26/07/23





Alejandro Sanz	27/07/23
Coral Casablanca	29/07/23
El libro de la Selva	02/08/23
Beret	05/08/23
BadGyal	10/08/23
Tarzán O musical	09/08/23
Ana Mena	15/08/23

2. Semana da música Clásica e Jazz na Praza de Compostela

Terá lugar os días 28 de xuño a 1 de xullo. Selecciónase catro propostas para cada un dos catro días previstos.

Espectáculo	Datas
Sant Andreu Jazz e Imagine Jazz Orchestra	28/06/23
Alfonso Medela Trío	29/06/23
Orquesta 430	30/07/23
Vigo Ensemble	01/07/23

3. Actividades e espectáculos en diferentes localizacións

- Exhibición de Danza Urbana en Samil, encontro Vikul o 14 e 15 de Xullo.
- Homenaxe á Xente do Mar, o 16 de Xullo.
- XV Certame Cancións dos Nosos Barrios, na finca de San Roque dende o 1 ao 4 de Agosto

4. Outras actividades derivadas de convenios do capítulo catro do orzamento do servizo de Festas:

- Festa da Brincadeira de Bouzas dende o 13 e 14 de Maio
- XIX Festival Folclórico Internacional Concello de Vigo dende o 21 al 23 de Xullo
- 43º Día da Muiñeira o 7 de Maio, enmarcada no convenio Interfolc.
- Festa da Sardiña os días 29 e 30 de Xullo
- Festival Internacional "O Marisquiño" dende o 11 a 13 de agosto.
- Festa do Polbo o 13 de Agosto



SERVIZO DE FESTAS

CONCELLERÍA
DE
PARTICIPACIÓN
CIDADÁ E FESTAS

CONCELL
O DE VIGO



- Festa do Mexilón o 3 de Setembro
- Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas” 2023 o 16 de Xullo
- Festa da Consolación de Coia 2023 do 30 de Xuño ao 5 de Xullo.

5.- Verbenas

As verbenas son eventos de arraigada tradición popular, polo xeral adicadas a un santo ou santa patrón ou patroa dunha localidade, barrio ou parroquia, cuxa tempada comeza en Abril e remata en Outubro. A música das verbenas a cargo das orquestras é un distintivo deste tipo de eventos, así como a animación na rúa das familias, amigos e grupos de persoas tan característico da nosa vida cotiá dende hai décadas. En Galicia nos últimos anos foron cobrando importancia unha serie de orquestras que polo seu repertorio e espectáculo singular atraen a unha afluencia importante de público de todas as idades e de todos os lugares de Galicia.

En 2022 pretendeuse realizar un espectáculo de fin de tempada con dúas orquestras que tivo que ser cancelado por cuestións meteorolóxicas (expte. nº 9482/335). Este ano que se pretende realizar:

- 1.- Un espectáculo de orquestras coincidindo con comezo da tempada de verbenas o 28 de Abril de 2023 no exterior de Balaídos.
- 2.- Espectáculos con orquestra no Auditorio de Castrelos na metade da tempada de espectáculos de verán.

O peche definitivo do programa podería conlevar algunha modificación por cuestións de oportunidade e en función da dispoñibilidade dos artistas.

SEGUNDO.- Establecer prezos populares de venda de entradas, na liña de anos anteriores, oscilando entre os 5 e os 15 € para concertos internacionais e nacionais.

Para espectáculos infantís e de masas corais a entrada será gratuíta.

TERCEIRO.- Que se inicien os expediente administrativos para a contratación artística dos espectáculos relacionados no punto primeiro. Os expedientes de gasto incluírán ademais da contratación artística os equipos de luces, son, audiovisuais, backline, transportes internos e “catering”.

CUARTO.- Que se inicien os expediente administrativos para a organización do sistema de sorteo para a adquisición de entradas para os espectáculos no Auditorio de Castrelos.

Vigo, na data da sinatura electrónica indicada na marxe

O Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo L. Rodríguez Estévez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 13:02	Páxina 3 de 3
9684-335	CSV: A3AA24-3A42BF-E7E5A7-P9KKLW-E2GTNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		